

Pregou S. Ramon 91

Fernando Ovega

1

tempos de crise, quando este crucero caminhos
por donde nacen Europa, e donde nace a mar
da illa da terras de dentro.

Miñas donas, meus señores de Villalba: alguém
publicóu por ahí que esto iba ser unha conferencia. ¡Probe de
mín, e probes de vos! ¡Unha conferencia desde este balcón!
¡Unha conferencia no medio das festas! Tranquilos todos.
Tranquilos, que eu soio veño a proclamar ó mundo que en
Villalba, a trinta d'agosto do 91, empezan outra vez as
festas de San Ramón.

Reíña das festas, damas de honor: o pregoeiro
preséntavos o seu respeito, e non tén outras verbas que
decirvos co poeta chairego:

"Ai, rapaza villalbesa,

mociña da Terra Chá;

na gayola dos teus ollos

foise a miña libertá".

Os escritores premiados no Concurso Literario da
Terra Chá, doulles, cómo non, a enhoraboa. Mais tamén quero
consolar ós que non gañaron. Diréilles que eu tamén me
presentéi unha vez a este certamen, e non ganéi. E xa vedes:
aquí estou. ¡Cheguéi a ser pregoeiro do San Ramón!. Xa séi
que esto non é o Premio Nóbels; pero é canto pode pedir un
labrego de Pol coma mí. Un labrego que nin siquera labrego
puido ser.

Pero son pregoeiro en Villalba. Ieso é alta honra
pra un chairego. E atoparse convosco, xentes cheas de empuxe
e vida. E atoparme comigo, porque de lonxe veño, e estou na
terra, e houbo un pensador que dixo: "conocemola terra pola

terra que hai en nós". É sentir cerca este cruce de camiños por donde pasou Europa, e donde Galicia decide si olla ó mar ou olla ás terras de dentro.

¡Camiños da Villalba de hoxe! ¡Camiños do vello condado, cheos da historia mais fecunda! Pedras vellas, casiñas remozadas, que levades dentro o arume da miña Terra Chá. Campos longos, do mais longo ~~outar~~^{lubionte} de toda Galicia. Terra de promisión dos que nos fomos, e non séi, regatos pequenos, pai Miño, tenzas de labranza, mozas que nunca esquencemos, non séi cando volveremos...

~~Ten que~~
Pero ~~que~~ deixadón lado os sentimentos, porque hoxe estamos de festa, ser pregoeiro en Villalba é ainda algo mais: cando salía, aló de donde vivo, dixen que ser pregoeiro en Villalba era, quizais, o primeiro paso pra presidir a Xunta, ou ser Reitor en Santiago, ou Arzobispo en Compostela. Que vive Deus que nunca vila algunha déu tal cantidade de poder por metro cadrado.

E iso, sin contar co poder dos capós, que nunca foi ben descrito. O mais parvo de Villalba, si é que en Villalba hai algún, vaille pasar como lle pasou ó Cardenal Quiroga Palacios, que subiu mui pronto de ~~coa~~^{prego} a bispo, e de bispo a cardenal de Santiago. Cuando foi de vacacións á súa aldea, allá na provincia de Ourense, acercouselle un paisano, santiguouse, e díolle: "Ay, don Fernando, como siga así, vai chegar a Dios".

Quizáis por eso, aló no resto do país muita xente pensa isto: pensa que o Patrón de Villalba é San Manuel. San Manuel, que foi Mártir antes de ser Presidente. O mellor é porque hay un refrán que dí: "do que alumá ó santo, come o

santeiro". E aquí alúmanlle muito a ese San Manuel. E él déixase alumar tanto, que os santeiros de Villalba sempre teñen, como hoxe tuveron, algunha inauguración que facer.

No é por menospreciar a estes santos de carne e oso, que son certos e milagreiros; pero hai outro santo meirande, ou polo menos mais antergo, que é o voso San Ramón.

Eu teño dous San Ramós na vida: o San Ramón de Penamazada, que me quitó manchas dos ollos, i' o San Ramón de Villalba, ó que sempre quixen vir, / de mozo a ver se pecaba; ^{se peade algo;} i' agora, de

pecador, a lembrarme de cando era mozo. ^{us que a vinya venoua feusra,}
^{non basta} ¿Por que? Porque non hai festa meirande, nin más

sentida, ca que os villabeses, lle soupestes facer ó Patrón. Polo mismo, non hai moza nin hai mozo, desde Roupar a Mosteiro, desde Lugo a Mondoñedo, que non soñara algún día con vir a este San Ramón. ^{despois da pasada que non se hai que recatar.}

Nove días vades ter de loubanza e esparcimento.

Nove días, cas súas noites. E no medio, a foliada. ^{nada más, e pronto}

Calen neles as novas da Perestroika. Garden silenzo os que falan de reconversións e paro. Olle pra outros lugares o recaudador de impostos. Que no territorio autónomo de Villalba a bombas de palenque xa anunciaron o San Ramón.

Nove días, cas súas noites. Teredes tempo pra folgar. E tempo pra loupandada, que ben sabe Deus que non vai quedar augardente sin queimar, nin viño sin catar, nin empanada sin probar, nin roscón sin encetar, nin froito da terra ou do mar sin degustar. Xa sabedes que "festa sin comida non é festa complida". "Nin hai folganza sin traganza". "Nin festa sin viño, nin ola sin touciño". E, metidos nos placeres da mesa, non seréi eu quen vos diga que

Mais alto, ata que nos escollen na Xunta

non confundades o pulpo co polbo, como fai agora a Real Academia Galega. Somentes que nono mezcledes.

Pero vades ter tempo, sobre todo, pra darlle ó corpo o que o corpo pide, i o corpo pide diversión. Baile o abóo y a aboa. Baile o solteiro i a casada. O solitario i a namorada. Bailen os nenos i as nenas. Os mais vellos i o tullido. Que bailen as bruxas na néboa das carballeiras. Que bailando boten pra outro lado os farios os que teñan mal de ollo. E que bailen también os señores curas. "Que o señor cura non baila, porque tén unha coroa. Baile, señor cura, baile, que Deus todo llo perdoa".

Todo se perdoa na festa: a mirada a aquela moza, cando ela non te quere ollar. Os piropos á casada, que muito lle han de gustar. Os piropos ós casados, que non se hai que recatar. E un pouquiño mais de viño, a naide pode extrañar.

Kuntade a noite co día, que son nove, nada más, e pronto van a pasar. Que ben sabe Deus que se pasa antes a festa que as penas. Que as penas logo volven, ias festas un ano tardan. - O San Ramón nos axude.

E a tí, San Ramón, que nos ollas cun soriso; a tí que serás o gran homenaxeado, queremos empezar a celebrarte, pero tamén a pedirche. O pregoeiro, co concurso de tódolos villalbeses que están nesta praza, quéreche facer unha letanía. - O San Ramón nos axude.

o que quisimo,

Oídeme, veciños: cando lle faga ~~unha~~ imprecación ó santo, vosotros respondede: "O san Ramón nos axude". A ver como soa:

- Todos: "O San Ramón nos axude".

Mais alto, ata que nos escoiten na Xunta:

- Todos: "O San Ramón nos axude".

Mais alto áinda, ata que nos escoiten na Moncloa: -
Todos: "O San Ramón nos axude".

Vamos, pois, aló:

-- Pra que lle suban ó lagrego o precio da leite, e
nos baixen todos os precios do viño...

- O San Ramón nos axude.

-- Pra que San Manuel (perdón, don Manuel) consiga
que as autovías cheguen polo menos a Villalba...

- O San Ramón nos axude.

-- Pra que, se non chove café no campo, chova ~~peito~~
~~menos~~ auga a tempo...

- O San Ramón nos axude.

-- Pra que, en todo caso, non chova nestes nove
días...

- O San Ramón nos axude.

-- Pra que, da misma forma que se fará o milagro de
Xuntar a Fidel i a Fraga, aunque sexa na Habana, nós poidamos
xuntarnos todos en amor e mais compaña...

- O San Ramón nos axude.

-- Pra que se vaian fora os novos meigallos da
droga i'os roubos i'o paro i'a queima dos montes, contra os
que áinda non se inventaron conxuros, con queimada ou sin
queimada...

- O San Ramón nos axude.

-- E pra que cando sone a gaita non pareza más que
chora, senon que canta, polo bén que nos vai a todos...

- O San Ramón nos axude.

O San Ramón nos axude... Se llo suopemos pedir, non
Diréille que atopéi unha Villalba que medra con fermosura.

*Augue uou séi fe chegouste tende a pedir
que nos clousa pra festa...*

6

fallará en nada este noso San Ramón. Que anda por ahí don Manuel falando sempre de encomendarse a Santiago, e confiar nos milagres de Santiago. I'eu, non é por crear celos entre os santos. Mais dígovos que é moito santo San Ramón. Muito, e mui milagreiro.

Mais, pra que faga ben os milagres, e pra que ademáis faga muitos, hai que celebralo ben. Xa séi que eso io faréis, pero deixádeme que insista: esquencédevos das penas. Non pensedes na contribución. Facede a festa na rúa e nas casas. Pero, sobre todo, na ialma. Que chegue o eco da vosa ledicia ata a confín de Fisterra. Demostrádelle ó mundo que o galego, polo menos o galego de Villalba, non é insolidario, senón que sabe darse a mau.

E sabede, por último, que a Festa de San Ramón non é somentes a festa de Villalba. E a festa de tódala Techa Chá. E unha gran festa galega. I'é, polo mismo, unha gran festa do mundo. E, simplemente, grandemente, o San Ramón de Villalba; da capital certa de tólolos que emigramos; de tólolos que quedastes; de tólolos que soñamos con voltar á nosa terra.

Soio lle queda unha cousa ó pregoeiro orgulloso: pedirvos, xentes de fidalgúia, que lle fagades un buratiño, somentes un buratiño, no voso corazón villalbés; no voso corazón grande, como é grande a Terra Chá.

Eu, cando volva, mañá mesmo, aló donde está o ruxido, direille ó mundo varias causas. Direille que os pobos do entorno de Villalba siguen sendo, en verbas do noso Presidente, coma "as froliñas dos toxos"; pero están vivas. Direille que atopéi unha Villalba que medra con fermosura.

Direille que está medrando gracias ó empuxe da súa xente. E direille que, cando hai que traballar, traballa. Pero, cando hai que fazer festa, non hai quen lle gane en festeira. I'este ano, neste San Ramón do 91, ídelo demostrar coma nunca. Pra facelo bon, empezando berrando conmigo:

¡Viva Villalba!

¡Viva o San Ramón de Villalba!

¡Vivan as festas de San Ramón!

Villalba. A trinta d'agosto de 91. Capazai outra vez as

Festas de San Ramón.

Reina das festas, dama de honor: o pregoeiro presentávose o seu respeito, e non tén outras verbas que decirnos co poeta cheirego:

"Ai, rapaza villalpresa,

mocinha da Terra Chá;

na gayola dos teus ollos

foise a-miña libertá"

O escritor premiado no Concurso Literario de Terra Chá, doullas, como é tu, a entorabos. Mais tamén quería consolar ós que non gañeron. Dous illas que eu tamén me presentei unha vez a este certamen: e non gañei. E xa decí que aquí estou. ¡Chequér! a ser pregoeiro do San Ramón. Na real que este non é o Premio Nobel; pero é tanto pode puxir un labrego de Foi com a mis. Un labrego que nin estivera labregado podido ser.

Pero son pregoeiro en Villalba. Tese ye alto honor pra un cheirego. E atoparse, convusco, xentes cheas de espuma e vida. E atoparme contigo, porque de Tonke veno, e estou na serra. e houbo un pensador que diu: "conocemos la terra peia